

Sorteo de inscricións ao IX Congreso Estatal de Educación Social

BASES

1. A INSTITUCIÓN ORGANIZADORA

O Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, en diante Ceesg, con domicilio social en Rúa Lisboa, 20, baixo, 15707 Santiago de Compostela, e CIF Q1500270B, organiza un sorteo de inscricións gratuítas ao IX Congreso Estatal de Educación Social.

2. DATA E LUGAR DO SORTEO

O sorteo realizarase durante a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria do Ceesg 2026, na data e lugar que se indiquen na correspondente convocatoria.

3. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Poderán participar no sorteo aquelas persoas que cumpran todos os seguintes requisitos:

- Ser educadora ou educador social colexiada/o do Ceesg, ou estudante precolexiada/o do Ceesg.
- Asistir á Asemblea Xeral do Ceesg na que se realice o sorteo ou ter delegado o seu voto noutra persoa con dereito ao mesmo.

4. PREMIO

O sorteo constará de **dous premios**, consistentes cada un deles nunha inscrición ao IX Congreso Estatal de Educación Social que se celebrará en Cartagena (Murcia) os días 21, 22 e 23 de maio de 2026.

Os premios:

- Non serán transferibles nin susceptibles de cambio, alteración ou compensación económica.
- Non poderán ser trocados por diñeiro nin por calquera outro produto ou servizo.
- Inclúe exclusivamente a cota de inscrición ao congreso.
- Non inclúe gastos de desprazamento, aloxamento, manutención, cea de gala nin ningún outro gasto distinto da inscrición.

Non poderá resultar beneficiaria do premio ningunha persoa que xa dispoña de inscrición gratuíta ao congreso por calquera outra vía (bolsa, outro sorteo ou situación equivalente).

5. MECÁNICA DO SORTEO E ELECCIÓN DAS PERSOAS GÑADORAS

A participación no sorteo é de carácter voluntario e gratuíto.

Á chegada á Asemblea Xeral, as persoas participantes deberán identificarse. O persoal do Ceesg facilitaralles unha papeleta na que deberán escribir o seu número de colexiación.

No caso de acudir con votos delegados, cubriranse papeis adicionais cos números de colexiación das persoas que delegaron o voto.

O sorteo realizarase mediante a extracción aleatoria de papeletas, depositadas nunha urna ou recipiente opaco, garantindo en todo momento a igualdade de oportunidades e a transparencia do procedemento.

Extraeranse inicialmente 2 papeletas, que serán as premiadas, e a continuación **4 papeletas máis, que quedarán como suplentes**, seguindo a orde de extracción.

6. ENTREGA E ACEPTACIÓN DO PREMIO

A persoa gñadora, ou a persoa na que delegase o voto, deberá estar presente no momento do sorteo para que este sexa válido.

No caso de renuncia expresa ao premio no prazo de 4 días naturais ou de non ser posible contactar coa persoa gñadora neste mesmo prazo, contactarase coas persoas suplentes seguindo a orde establecida.

Unha vez aceptado o premio, o Ceesg informará á persoa gñadora do procedemento para facelo efectivo.

Se o premio fose rexeitado por todas as persoas gñadoras e suplentes, o Ceesg resérvase o dereito de realizar un novo sorteo ou declarar o premio deserto.

O Ceesg queda eximido de calquera responsabilidade derivada de erros nos datos facilitados polas persoas participantes que impidan a súa correcta identificación.

7. DIFUSIÓN DO RESULTADO

Os nomes, apelidos e número de colexiación das persoas gñadoras poderán ser difundidos a través dos medios habituais de comunicación do Ceesg e das súas redes sociais, con fins exclusivamente informativos e divulgativos.

Así mesmo, poderán realizarse fotografías durante o acto do sorteo, que poderán ser publicadas co mesmo fin, salvo oposición expresa da persoa interesada.

8. LIMITACIÓN

Consideraranse nulas e quedarán excluídas do sorteo todas aquelas participacións que incumpran as presentes bases.

O Ceesg resérvase o dereito de modificar ou cancelar o sorteo, por causa xustificada, cando concorran circunstancias que o fagan necesario.

9. EXENCIÓN DE RESPONSABILIDADE

O Ceesg non será responsable da cancelación, modificación de datas, lugar, formato ou contido do congreso, nin de calquera outra circunstancia allea á súa organización que poida afectar á súa celebración.

En caso de cancelación do congreso o premio quedará sen efecto, sen que isto xere dereito a compensación económica ou de ningún outro tipo.

10. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos, as persoas participantes autorizan o tratamento dos seus datos persoais para a xestión do sorteo e a difusión do seu resultado.

No suposto de que a inscrición se tramite dende o Ceesg os seus datos serán cedidos á secretaría técnica que xestiona o congreso. Non se realizarán máis cesións de datos a terceiros, salvo consentimento expreso ou obriga legal. Os seus datos conservaranse polo tempo estritamente necesarios para cumprir coa finalidade establecida nas bases.

As persoas participantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación e portabilidade dirixíndose ao Ceesg.

11. ACEPTACIÓN DAS BASES E LEGISLACIÓN APLICABLE

A participación no sorteo implica a aceptación íntegra das presentes bases.

Ceesg, xaneiro 2026